

DOUS CAPITULOS

XXV E XXVI

DO TOMO SEGUNDO

DE

DON QUIXOTE DE LA MANCHA

POR

MIGUEL DE CERVANTES SAAVEDRA


EN VERSION GALEGA

DE

LEANDRO CARRE ALVARELLOS

DA

REAL ACADEMIA GALLEGA



DON QUIXOTE DE LA MANCHA

DOM QUIXOTE DE LA MANCHA

DOUS CAPITULOS

XXV E XXVI

DO TOMO SEGUNDO

DE

DON QUIXOTE DE LA MANCHA

POR

MIGUEL DE CERVANTES SAAVEDRA

EN VERSION GALEGA

DE

LEANDRO CARRE ALVARELLOS

DA

REAL ACADEMIA GALLEGA

UNIVERSITY OF CALIFORNIA
LIBRARY
SOUTH BEACH
SAN DIEGO, CALIFORNIA
DONOR: THE UNIVERSITY OF CALIFORNIA
SOUTH BEACH
SOUTH BEACH, CALIFORNIA
UNIVERSITY OF CALIFORNIA
SOUTH BEACH
SOUTH BEACH, CALIFORNIA
UNIVERSITY OF CALIFORNIA
SOUTH BEACH
SOUTH BEACH, CALIFORNIA



REAL ACADEMIA GALLEGA

(DECLARADA OFICIAL POR REAL DECRETO
DE 25 DE AGOSTO DE 1904)

LA CORUÑA

En reunión celebrada por la Junta de Gobierno de esta Real Corporación en 17 del corriente mes, se adoptó, entre otros, el acuerdo que me honro en transcribir a V.S.:

"Vióse carta del presidente de la Diputación provincial de La Coruña relativa a la versión gallega de obras de Cervantes. Los componentes de la Junta manifestaron que no tienen la menor idea de la existencia de tales versiones. En su consecuencia, y vista la oportunidad que ahora se presenta de que la existencia se confirme, acordaron encargar al significado miembro numerario y tesorero de la Corporación don Leandro Carré Alvarellos la traducción de un relato corto de aquel insigne escritor, que se dará a la imprenta tan pronto como lo entregue el señor Carré".

Cúmpleme ratificárselo así a V.S. para su satisfacción.

Dios guarde a V.S. muchos años.

La Coruña, 21 de julio de 1975.

EL SECRETARIO,

EL PRESIDENTE ACCDAL.,

José Luis Bugallal



SEÑOR DON LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS.

The University of Chicago
Library
540 East 57th Street
Chicago, Illinois 60637

CHICAGO, ILL. 60637
LIBRARY
540 EAST 57TH STREET

IN THE CIRCUIT COURT OF THE UNITED STATES



[Handwritten signature]

BEFORE THE HONORABLE CLERK OF THE COURT

L I M I A R

Miguel de Cervantes Saavedra asina o autor do libro mais famoso do mundo, que foi vertido a todos os idiomas: Don Quixote da Mancha.

Cô ensexo das festas da Rosa del Azafrán, o Concello de Consuegra tenciona adicar un muiño á memoria e honra do ilustre escritor que creóu tal persoaxe e tal obra, na que aprézase o humorismo, a ironía e a saudade dun cerebro privilexiado. E como o Concello de Consuegra fai mentes de acadar nese muiño a maor cantidade posibele das versións da obra cervantina a todos os idiomas que houber, dirixiuse á Excma. Diputación Provincial da Cruña, en solicitude de calesquer exemprar que for publicado na lingua galega. A Diputación pasóu a solicitude á Real Academia Galega, e ésta non dispoñendo na sua biblioteca de ningunha obra de Cervantes en versión galega, nen que se saiba eisista en ningures, encarregoume a min unha traduzón para que poida figurar no muiño de Consuegra.

O tempo urxía e outéi por me limitare, de momento, a facer a versión de dous capítulos do «Quixote», mas, coa promesa de emprender outra cousa de mais valía, se a saúde me non falla. Acho unha razón para iso. Os dous apelidos de Miguel de Cervantes Saavedra son unha amostra indiscutibele da sua orixe galega. Cervantes é un concello do partido xudicial de Becerreá, provincia de Lugo, no que, según o historiador cruñés Manuel Amor Meilán, eisistiu o apelido Saavedra; e iste é tamén nome de varios lugares das catro provincias galegas, do que poidera provir.

Aparte disto, o esprito humorístico do xenial autor do Don Quixote, é unha característica literaria xa na Edade Media manifestada nas cantigas de escarnio e maldizer dos trovadores Galaico-Portugueses, como tamén en moitísimas cantigas populares do noso país; e mesmo en tempos non

lonxanos, moi sonados foron na Galiza os poetas humorísticos Enrique Labarta Pose, de Bayo (Coruña), e Xavier Prado (Lameiro), de Orense. E tamén debemos lembrar como escritores humorísticos galegos inda que escribiron en castelán a Luis Taboada, Xulio Camba, Wenceslao Fernández Flórez, e o gran Castelao; iste derradeiro que soubo axuntar o deseño maxistral cō humorismo literario e irónico na fala galega.

LEANDRO CARRE ALVARELLOS

(Da Real Academia Gallega)

DON QUIXOTE DE LA MANCHA

CAPITULO XXV

Onde se aponta a aventura do orneo e a chusqueira do titereiro, cas lembradas adiviñanzas do macaco adiviñador

Non se lle cocía o pan no corpo a Don Quixote, como adoita dicirse, ata ouvire e saber as maravillas prometidas do home portador das armas. Foino percurar onde o pousadeiro tiñalle dito que estaba, e atopouno, e díxolle que en todo caso lle dixera decontado o que habería decirlle despois, encol do que lle tiña preguntado no camiño. O home respondeulle: Mais a modo e non en pé hasè contar o conto das miñas maravillas; déixeme vosa mercede, bon señor, romatar de lle dar recado á miña besta, que eu decireille cousas que o ademiren.

—Non fique por iso, respondeulle Don Quixote, que axudareivos a todo; e asina o fixo botándolle orgo e alimpando o manxadeira; homildanza que obrigou o home a lle contar con boa vontade o que lle demandaba, e se asentando nun pousadoiro, e Don Quixote cabo dele, tendo por senado e ouvintes o curmán, o paxe, a Sancho Panza e mais o pousadeiro, encomezou a dicir desta maneira:

—Saberán vosas mercedes que nun lugar, que está a catro léguas e media dista pousada, aconteceu que un rexidor del, por industria e engano dunha rapariga criada (e isto é moi longo de se contare) faltoulle un burro, e mália de que o rexidor fixo as pescudas posíbeles para o atopare, foille imposíbele atopalo. Quince días serían pasados, según é púbrica voz e sona, que o burro mancaba, cando estando na praza o rexidor perdidoso,

outro rexidor do mesmo povo díxolle: Dádeme alvízaras, compadre, que o voso xumento ten aparecido.

—Eu volas mandaréi, compadre, e boas, respondéu o outro; mas saibamos onde é que apareceu.

—No monte, retrucóu o que dixo telo atopado, vino ista mañán sen albarda e sen aparello algún, e tan fraco que era unha compasión velo; tentéi de o pillar e traguelo ante min; mas, está xa tan bravisco e tan xoto que cando cheguéi cabo dele fuxíu e meteuse no mais basto do monte; se queredes que voltemos os dous en percura dele, deixádeme pôr ista burriña na miña casa, que volto axiña.

—Moito pracer farédesme, díxolle o do burro, e eu percuraréi volo pagare na mesma moeda.

Con istas circunstancias todas, e da mesma maneira que eu vouno contando, cóntano todos aqueles que están sabedores da verdade deste caso.

En resolución, os dous rexidores a pé e man de par fóronse ao monte; e chegados ao lugar onde coidaron de atopar o xumento, o non acharon, nen parecéu por todos aqueles arredores, por moito que pescudaron.

Vendo pois que non parecía, dixo o rexidor que o tiña visto ao outro: un xeito veume ao maxín, cō que poderemos descubrir o animal, inda que estiver metido nas mesmas entranas da terra, xa non que no monte; é que eu sei ornear maravillosamente, e se vos sabedes algo, dade o feito por romatado.

—¿Algo decides, compadre? dixo o outro; por Deus que non dou a ventaxa a ninguén, nen aínda aos mesmos burros.

Agora verémolo, retrucóu o segundo rexidor; porque teño determinado que vaiades vos por unha banda do monte e eu pola outra, de xeito que andemos todo en roda e de pouco en pouco ornearedes vos e ornearéi eu, e non poderá ser menos senon que o voso burro nos óia e nos responda se é que está no monte.

Ao que respondéu o dono do xumento: Digo, compadre, que o tracexo é excelente e dino do voso grande inxenio. E xebrándose os dous según o acordo acontecéu que cáseque ao mesmo tempo ornearon, e cada un, enganado polo orneo do outro, andaron a se percuraren coidando que o burro xa tiña aparecido, e en véndose dixo o perdido: ¿É posíbele, compadre, que non foi o meu burro o que orneóu?

—Non foi senon eu.

—Agora digo, dixo o dono, que de vos a un asno, compadre, non hai diferenza algunha no tocante a ornear; porque na miña vida vin nen ouvíñ cousa mais propia.

—Isas louvanzas e encarecimentos, respondéu o da maxinazón, millor vos acán e atinxen a vos do que a min, compadre, que polo Deus que me crióu, que podedes dar dous orneos de ventaxa ao maor e mais sabido orneador do mundo; porque o torgo que tedes é outo, o sostido da voz a seu tempo e compás, os deixos moitos e apresados, e en resoluzón, eu doume por vencido e ríndovos a palma e dou a bandeira dista rara habilidade.

—Agora digo, respondéu o dono, que me teréi e estimaréi en máis de eiquí en diante, e pensaréi que sei algunha cousa, pois que teño algunha gracia, que posto que coidara que orneaba ben, endexamais enténdín que chegara ao extremo que decides.

—Tamén deciréi eu agora, retrucóu o segundo, que hai raras abelencias perdidas no mundo, e que son mal empregadas en aqueles que non saben aproveitarse delas.

—As nosas, reprecóu o dono, se non é en casos somellantes ao que traguemos antre mans, nos non poden servire noutros, e inda neste Deus queira que nos sirva de proveito.

Isto dito, tornáronse a se arredaren e voltaron aos seus orneos, e a cada paso enganábanse e voltaban a se axuntaren, deica déronse contraseña que para se entender que eran eles e non o burro, ornearan dúas veces, unha atrás de outra. Con isto, dobrando de cote os orneos, andiveron en roda o monte todo sen que o perdido xumento aparecese nen sequer por sinais. Mas, cómo había respondere o probe malogrado, se atopárono agachado no mais mesto da fraga comesto dos lobos. E vendoo, dixo o seu dono xa me eu maravillaba que ele non respondera, pois de non estare morto, el tería orneado ao nos ouvire, ou non for burro; mas, a troco de vos ter ouvido ornear con tanto xeito, compadre, dou por ben empregado o traballo que tiven en buscalo, inda que atopeino morto.

—En boa man está, compadre, respondéu o outro, pois se ben canta o abade, lle non vai á traseira o monacillo. Con isto, esconsolados e roucos voltáronse á súa aldea, onde contaron aos seus amigos, veciños e coñecidos canto tñíalles acontecido na percura do asno, esaxeirando un a gracia do outro no orneare, todo o que sóbose e espallouse polos lugares en roda de todos os veciños; e o demo, que non durme, como é amigo de sementare e arreitar xenreiras e desavenzas por ondequeira, erguendo chifres no vento e grandes monstrosidades de nonada, ordenóu e fixo que as xentes dos outros povos en vendo algún da nosa aldea, ornearan, como dándolles nas faces cō orneo dos nosos rexidores. Deron con iso os rapaces, que foi dar en mans e mais en bocas de todos os demos do

inferno, e foi inzando o orneo dun noutro povo, de maneira que son coñecidos os naturais do povo do orneo como coñecidos e diferenzados os pretos dos brancos; e ten chegado a tanto a disgracia dista bulra, que moitas veces con man armada e formando escadrón teñen saído contra dos bulradores os bulrados a se daren a batalla sen o podere remediar nin Rei nen Roque, nen medo nen vergoña. Eu coido que mañán ou esoutro dia han saír en campaña os do meu povo, que son os do orneo, contra outro lugar que está a duas léguas do noso, que é un dos que mais nos persiguen, e por saír ben apercibidos levo mercadas istas lanzas e alabardas que víchedes. E istas son as maravillas que dixen habería de vos contare; e se non é o que vos parecén, non sei outras. E con isto deu cabo ao seu palique o bon do home.

E nisto entróu pola porta da pousada un home todo vestido de gamuza, medias, gregüescos e xubón, e con voz de ergueito torgo dixo: señor hóspede ¿hai pousada? que ven eiquí o macaco adiviño e mais o retábulo da libertade de Melisendra?

¡Corpo de tal! dixo o pousadeiro, que eiquí ven o señor mestre Pedro; boa noite se nos aparella. Esquecíaseme dicir como tal mestre Pedro traguía cuberto o ollo esquerdo e cáseque media queixada cunha bisma de tafetá verde, sinal de que toda aquela banda debía estare adoentada. E o pousadeiro proseguíu dicindo: Sexa ben vindo vosa mercede, señor mestre Pedro ¿Onde están o macaco e mais o retábulo, que os non vexo?

—Eles chegan logo, que xa están perto, respondeu o todo gamuza, senon que eu adianteime a sabere se hai pousada.

—Ao mesmo duque de Alba tirariálla para lla dar ao señor mestre Pedro, respondéu o pousadeiro; chegue o macaco e o retábulo, que xente hai ista noite na pousada que pagará o velo e mais as abelencias do macaco. Sexa embora, respondéu o da bisma, que eu regraréi o prezo e coa custa sómente dareime por ben pago; e eu volto logo facer que camiñe o carro onde ven o macaco e mais o retábulo; e decontado saíu da pousada.

Perguntóu daquela Don Quixote ao pousadeiro qué mestre Pedro era aquil e que retábulo e que macaco traguía.

Ao que respostóu o pousadeiro: Iste é un moito lembrado e sonado titereiro que hai moitos días que anda por ista Mancha de Aragón amostando un retábulo da libertade de Melisendra, dada polo famoso don Gai-feros, que é unha das millores e millor representadas que de moitos anos atrás a ista parte niste reino tense ollado; trae asímesmo con ele un macaco da mais rara abelencia que se víu antre macacos, nen se ten maxinado antre homes, porque se lle algunha cousa pergúntalle, está



Deseño de F. LLORENS

Tente, ladroeiro, malvadoso, bandallo, que cá che teño... Estaba en camisa, a que non era tan comprida que por diante poideralle cubrir as coxas



THE UNIVERSITY OF CHICAGO
LIBRARY

atencioso ao que se lle demanda, e logo brinca nos hombreiros do seu amo, e achegándoselle á orella dícelle a resposta do que a xente lle pregunta, e mestre Pedro decrárao decontado; e das cousas pasadas diz moito mais que das vindoiras; e inda que non todas as vegadas acerta nelas, nas mais non erra, de maneira que nos fai cavilare que ten o demo no corpo. Dous reás leva por cada pregunta, se é que o macaco responde, quero dicir, se responde o amo por il despois de lle ter falado no ouvido e asina disque que o tal mestre Pedro está riquismo; e é home como din na Italia, e bon compaño, e dase a millor vida do mundo; fala mais do que seis e beba mais que unha ducia, todo a custa da sua língua e do seu macaco e mais do seu retábulo.

Nisto voltóu mestre Pedro, e nun carro viñan o retábulo e o macaco, grande e sen cauda, coas nádegas de feltro, mas non de mala cara; e inda non ben víuno Don Quixote, cando perguntoulle: Dígame vosa mercede, señor adiviño ¿qué peixe píllamo? ¿qué vai ser de nós? e vexa eiquí os seus dous reás, e ordenóu a Sancho que llos dera a mestre Pedro, o que respondéu polo macaco e dixo:

—Señor, iste animal non responde nen dá novas das cousas que están por vir; das pasadas sabe algún pouco, e das presentes algún tanto.

—¡Voto a Rus! dixo Sancho, non daréi eu un ardite por que me digan o que por min ten pasado, porque ¿quén pode sabelo millor do que eu mesmo? e pagar eu porque me digan o que xa sei sería unha parvada; mas, pois que sabe as cousas presentes, eiquí ten os meus dous reás, e dígame señor macaquísimo ¿qué fai agora a miña muller Tareixa Panza, e en qué se entretén?

Non quixo tomare mestre Pedro o diñeiro, dicindo, non quero recibir adiantado os premios sen que teñan sido antepostos os servizos, e dando duas pancadas coa man dereita no seu hombreiro esquerdo, nun brinco púxoselle o macaco nel, e achegándolle a boca á orella, daba dente con dente moi apresadamente, e tendo feito iste aceno por espazo dun credo, de outro brinco deitouse no chan, e decontado foi mestre Pedro se poñer de xionllos diante de Don Quixote, e abrazándolle as pernas, díxolle: Iestas pernas cingo, ben axiña como se cínguise as duas columnas de Hércules ¡jou, resucitador insine da xa posta en esquecemento andante cabalería! ¡jou, non endexamais como se debe loubado cabaleiro Don Quixote de la Mancha alento dos esmorecidos, arrimados que van caír, brazo dos caídos, bágoo e consolo de todos os desditosos!

Ficóu pasmado Don Quixote, aglaiado Sancho, enlevado o curmán,

pampo o paxe, aparvado o do orneo, trabucado o pousadeiro e por romate todos estarecidos os que ouviron as razóns do titereiro, que proseguí dicindo; e ti, Sancho Panza, o millor escudeiro do mundo, enlézate que a tua boa muller Tareixa está boa, e ista é a hora que está a restelar unha libra de liño, e por mais señas ten a carón de sí do lado esquerdo un xerro desbocado no que cabe un bon porqué de viño, cô que se entretén no seu traballo.

—Iso creo eu moi ben, respondeu Sancho, porque ela é unha benaventurada, e a non ser ciumenta a non trocara eu pola xiganta Andandona, que según o meu señor, foi unha muller moi cabal e moi de prol; e mais é a miña Tareixa de aquelas que non deixan mal pasar inda que for a custo dos seus herdeiros.

—Agora digo, dixo nisto Don Quixote, que o que moito lee e anda moito, ve mundo e sabe moito. Digo isto porque ¿qué persuasión for de abondo para me persuadire que hai macacos no mundo que adiviñen, como eu o vin agora polos meus propios ollos? Porque eu son o mesmo Don Quixote de la Mancha que iste bon animal ten dito, posto que estendeuse algún tanto nos meus louvores; mas, como quer que eu me sexa, dou gracias ao ceo, que me dotóu dun alento mol e compasivo, incrinado sempre a faguer ben a todos, e mal a ninguén.

—Se eu tiver diñeiro —dixo o paxe— preguntaría ao señor macaco que ha de me acontecer na pelengrinazón que levo.

Ao que respondeu mestre Pedro (que xa se tiña ergueito dos pés do señor Don Quixote): Xa teño dito que ista bestucha non responde ao porvir, que se respondera non importara non haber diñeiros, que por servizo do señor Don Quixote, que está presente, deixara eu todos os intereses do mundo, e agora porque llo debo, e por lle dare gusto, quero armare o meu retábulo e dar apracemento a cantos están na pousada sen paga algunha. Ouvindo tal o pousadeiro, ledo sobremaneira, sinalóu o lugar onde podíase pôr o retábulo, que decontado foi feito.

Don Quixote non estaba moi satisfeito coas adiviñanzas do macaco, por lle parecer non sere moi axeitado que un macaco adiviñase nen as vindeiras nen as pasadas cousas, e así, en tanto que mestre Pedro arranxaba o retábulo, arredouse con Sancho a un curruncho da cabaleiriza, onde sen seren escoitados de ninguén díxolle: Olla, Sancho, eu consideréi ben a estrana abelencia diste macaco, e acho pola miña conta que iste mestre Pedro, o seu dono, debe ter feito pauto tácito e espreso cô demo.

—Se o patio é espeso e do demo, dixo Sancho, sen dúbida ten de

ser moi porco patio; mas, ¿de qué proveito élle ao tal mestre Pedro ter ises patios?

—Me non entendes, Sancho, non quero dicir senon que debe ter feito algún concerto cō demo, de que infunda isa abelencia no macaco con que gañe de comere, e despois que estexa rico, daralle a sua i- alma, que é o que iste universal nemigo fai mentes de acadar; e faime asmar isto, o ver que o macaco non responde senon ás cousas pasadas ou presentes, e a sabedoría do demo non pode se estendere a mais, que as do porvir non as sabe senon por suposizóns, e non todas as veces, que sómente a Deus está reservado coñecer os tempos e os istantes; e para Ele non hai pasado nen vindiuro, que todo é presente; e sendo isto asina, como é, craro está que iste macaco fala a xeito do demo; e estou pampo como o non teñen acusado ao Santo Oficio, e eisaminádo, e arringándollo, en virtude de quen adiviña; porque certo é que iste macaco non é astrólogo, nen seu amo nen il erguen nen saben erguer istas figuras que chaman xudiciarias, que tanto arestora estímanse na España, que non hai mullerucha, nen paxe, nen zapateiro de vello que se non gave de erguer unha figura, coma se for unha sota de naipes do chan botando a perder coas suas mintiras e iñoranzas a verdade maravillosa da ciencia. Dunha dona sei eu que preguntóu a un distes figureiros, que se unha cadelíña pequena que tiña, se empreñaría e pariría, e cantos e de qué coor habían ser os canciños que parise. Ao que o señor xudiciario, despois de ter ergueito a figura, respondeulle que a cadelíña empreñaría e que pariría tres cadeluchos, un verde, outro colorado e outro de mistura, con tal condizón que a cadela se cubrire antre as once e as doce do día ou da noite, e que for en segunda feira ou en sábado; e o que aconteceu foi que de alí a dous días morréu a cadela dunha fartadela, e o señor erguedor ficóu acreditado no lugar por atinadísimo xudiciario como fican todos ou os mais dos erguedores.

—Con todo isto querería, dixo Sancho, que vosa mercede dixera a mestre Pedro preguntara ao seu macaco, se é certo o que a vosa mercede aconteceuulle na cova de Montesinos; que eu teño pra min, con perdón de vosa mercede, que todo foi engano e mintira ou meigallo, ou polo menos cousas soñadas.

—Todo podería ser, respondéu Don Quixote; mas, eu facerei o que me aconsellas, posto que me ha ficar un non sei qué de xenico.

Estando nisto chegóu mestre Pedro en percura de Don Quixote pra lle dicire que xa estaba en orde o retábulo, que sua mercede fora velo, porque merecía. Don Quixote comunicoulle o seu pensamento, e ro-

goulle preguntase logo ao seu macaco que lle dixera se certas cousas que lle tiñan acontecido na cova de Montesinos tiñan sido soñadas ou verdadeiras, porque a ele parecíalle que tiñan de todo. Ao que mestre Pedro sen respondere nen verba, voltou a traguere o macaco, e posto ante Don Quixote e Sancho, dixo: ollade, señor macaco, que iste caba-leiro quer sabere se certas cousas que lle aconteceron nunha cova, chamada de Montesinos, se foron falsas ou verdadeiras; e facéndolle o sinal adoitado, o macaco subíuselle ao hombreiro esquerdo, e falán-dolle como somellaba no ouvido, dixo logo mestre Pedro: O macaco diz que parte das cousas que vos mercede víu ou pasóu na enmentada cova, son falsas e parte posíbeles; e que isto é o que sabe, e non outra cousa no tocante a ista pregunta; e que se vos mercede quere saber mais, que o viernes vindeiro responderá a todo o que lle preguntare, que polo de agora finoulle a virtude, que lle non voltará deica o viernes, como dito ten.

—¿Non lle dicía eu, dixo Sancho, que se me non podía asentare todo o que vos mercede, meu señor, ten dito dos acontecementos da cova era verdade, nen aínda a metade?

Os socedimentos deciráno, Sancho, respondéu Don Quixote, que o tempo descubridor de todas as cousas, se non deixa ningunha que a non tira á luz do sol, inda que estexa agachada no seo da terra; e polo de agora abonda isto, e ímonos ver o retábulo do bon mestre Pedro que pra min teño que haberá algunha novidade.

—¿Cómo algunha? respondéu mestre Pedro; sesenta mil encerra en sí iste meu retábulo, dígolle a vos mercede, meu señor Don Quixote, que é unha das cousas mais de vere que hoxe ten o mundo, e *operibus credite et non verbis*, e mans ao labor, que se fai tarde, e temos moito que faguer, e que dicir, e que amostrar.

Obedecéronlle Don Quixote e Sancho, e viñeron onde xa estaba o retábulo posto e descuberto, cheo por todas partes de candeñas de cera acesas que o facían vistoso e resprandecente. En chegando me-teuse mestre Pedro dentro del, que era o que había manear o enxeño, e fora púxose un rapaz, criado de mestre Pedro, para servire de intér-pretre e decrarador dos misterios do tal retábulo; tiña unha vardasca na man coa que asinalaba as figuras ou monicreques que saían. Postos, pois, todos cantos había na pousada, e algúns en pé, fronteiros do retábulo, e acomodados Don Quixote, Sancho, o paxe e o curmán nos milliores lu-gares, o truchumán enomezóu a dicire o que ouvirá ou ollará o que escoitare ou vire no capítulo seguinte.

CAPITULO XXVI

Onde se prosigue a chusqueira aventura do titereiro, con outras en verdade fartamente boas

Calaron todos, tirus e troyáns; quero dicir, pendentos estaban todos os que o retábulo ollaban, da boca do decrarador das suas maravillas, cando ouvíronse soar no retábulo cantidade de atabais e trombetas, dispararse moita artillaría, cuio balbor pasóu en pouco tempo, e logo erguéu a voz o rapaz, e dixo: Ista verdadeira historia que eiquí a vosas mercedes se representa, é tirada ao pé da letra das corónicas francesas, e dos romances españoís que andan na boca das xentes e dos rapaces por isas ruas. Trata da libertade que deu don Gaiferos á sua dona Melisendra, que estaba cautiva na España en poder dos mouros, na cidade de Sansueña, que asina chamábase entón a que hoxe chámase Zaragoza; e vexan vosas mercedes alí como están xogando ás táboas don Gaiferos, según aquilo que se canta:

*Xogando está as táboas don Gaiferos
Que xa de Melisendra está esquecido*

—E aquíl perxoase que alí asoma con coroa na testa e cetro nas mans é o imperador Carlo Magno, pai putativo da tal Melisendra, o que, amugado de ollar a folganza e descoído do seu xenro, adoita roñarlle, e vexan coa femencia que lle berra, que mesmo parez que quer darlle cō cetro media dúcia de baloucazos, e inda hai autores que din que llos déu, e moi ben dados; e despois de terlle dito moitas cousas encol do perigo que corría a sua honra en non percurare da sua uxor, disque dixo:

—Ollen vosas mercedes tamén cómo o imperador vólvelle as costas, e deixa despeitado a don Gaiferos, ao que ben ven como arremesa, impaciente de carraxe, o taboleiro e as táboas, e pide axiña as armas, e a don Roldán o seu curmán pídelle emprestada a súa espada Durindaina, e como don Roldán lla non quer emprestar, ofrecéndolle a súa compañía na difícil empresa en que se arrisca; mas, o valeroso e noxado a non quer aceptar antes diz que ele só abonda para libertare á súa muller inda que estiver metida no mais fundo da terra, e con isto, éntrase para se armare e se pôr logo en camiño. Volten vosas mercedes os ollares cara aquela torre que alí aparez, que se presupón é unha das torres do alcácer de Zaragoza, que agora chaman Aljafería, e aquela dona que naquela baranda parez que vistida a estilo de moura, que é a sin par Melisendra, que alí moitas vegadas púñase a ollar o camiño da Francia, e posta a maxinación en París e no seu marido, consolábase no seu cautiverio. Ollen tamén un novo caso que agora acontez, poida dar que endexamais visto. ¿Non albiscan aquí mouro que caladiñamente e pasiño a pasiño, posto o dedo no bico achégase ás costas de Melisendra? pois ollen como lle dá un beixo en metade dos beizos, e a présa que ela dase a cuspire e limpárese coa branca manga da súa camisa, e como saláia e arríngase de pesar os seus fermosos cabelos, coma se eles tiveren a culpa do meigallo. Vexan tamen como aquí grave mouro que está naqueles corredores, é o rei Marsilio de Sonsueña, que por tere ouservado o arruallo do mouro, posto que era un seu grande parente e privado, mándao prender axiña, e que lle den duascenas pancadas, levándoo polas ruas acostumadas da cidade con chiadores diante e envaramentos após; e vedes eiquí onde saen a executar a sentenza, inda ben non tendo sido posta en feito a culpa, porque antre mouros non hai traslado á parte nen á proba e estéxase coma antre nós.

—Neno, neno, dixo con outo torgo neste intre Don Quixote, seguides a vosa historia en ringla dereita e vos non metades nas cambas ou travesas, que para tirar unha verdade en limpo, mister son moitas probas e reprobas.

—Tamén dixo mestre Pedro dende dentro: Rapaz, non te metas en dibuxos, senon fai o que ise señor che ordena, que será o mais atinado; sigue o teu canto chao, e te non metas en contrapuntos, que adoitan se crebar sotiles.

—Eu asina o faceréi, respondéu o rapaz, e proseguíu dicindo:

—Ista figura que eiquí aparez a cabalo con unha capa gascona, é a

mesma de don Gaiferos, a quen a sua dona agardaba, e xa vingada da afouteza do namorado mouro, con millor e mais acougado carís púxose aos miradores da torre, e fala cô seu esposo coidando que é algún pasaxeiro, con que pasóu todas aquelas razóns e paliques do romanzo que diz:

*Cabaleiro, se á Franza ides,
Por Gaiferos perguntade*

Os que non digo eu arastora, porque da prolixidade adóitase enxendrar e aborrecimento, ata ver como don Gaiferos descóbre-se, e que polos ledos acenos que Melisendra fai, dásenos a entender que ela coñeceuno, e mais agora que vemos descólgase da baranda, para se por nas ancas do cabalo do seu bon marido. Mas, ¡ai! sen ventura! que se lle prendéu un bico do faldellín nun dos ferros da baranda, e está encolgada no ár sen se podere chegar ao chan. Mas, ollade como amerceado o ceo acorre nas maores necesidades, pois chega don Gaiferos, e sen se decatar de se esgaza ou non o rico faldellín, cóllea, e mal de seu grao, faina baixar ao chan e logo dun brinco a pon sobor dos cadrís do seu cabalo a canchapernas tal que un home, e mándalle que se teña fortemente e lle bote os brazos polas costas, de maneira que se crucen no peito, para que se non caia, a causa de que non estaba a señora Melisendra afeitada a somellantes cabaleirías. Notade tamén como os rinchos do cabalo amosttran que vai ledado coa valente e fermosa cárrega que leva no seu señor e na sua señora. Vede como voltan as costas e saen da cidade, e ledos e regocixados toman de París a via. Ides en paz ¡ou par sen par! de verdadeiros amantes, cheguedes a salvamento á vosa desexada pátria sen que a fortuna poña pexa na vosa feliz viaxe; os ollos dos vosos amigos e parentes que vos vexan gozar en paz con acougo os días (que os de Nestor sexan), que vos restan de vida.

Eiquérguéu outra vez a voz mestre Pedro, e dixo: Sinxeleza, rapaz, non te encumes, que toda afectazón é ruín.

Non respondéu ren o intérprete; mas, proseguíu dicindo: Non mancaron algúns folgados ollos, que adoitan velo todo, que non viran a baixada e a sobida de Melisendra, da que deron novas ao rei Marsilio, o que ordenóu axiña tocara a se armaren; e ollen con qué présa, que xa a cidade afúndase cô soar das campás, que en todas as torres das mesquitas abouxan.

—Iso non, dixo entón Don Quixote, nisto das campás anda moi improprio mestre Pedro; porque antre mouros se non usan campás senon atabais e un xénero de dulzainas somellantes ás nosas chirimías; e isto de soar campás en Sonsueña, sen dúbida que é unha grande tolemia.

O que ouvido por mestre Pedro, romatou o tanxido, e dixo; Non repare vosa mercede en neneces, Señor Don Quixote, nen queira levar as cousas polo cabo que se non atope. ¿Non se representan por ahí cáseque de ordinario mil comedias cheas de impropiedades e tolerías ou parvadas, e con todo iso corren felicísimamente a súa carreira e escóitanse non só con aprauso, senon con admirazón e todo? Prosigue, rapaz, e deixa dicir que como eu encher o meu folecho inda que represente mais impropiedades que átomos ten o sol.

—Asina é a verdade, reprecou Don Quixote, e o rapaz dixo:

—Ollen cánta e que locida cabalaría sai da cidade en seguimento dos dous católicos amantes, cántas trombetas que soan, cántas dulzainas que tocan, e cántos atabais e tambores que atroan: Teño medo de que os apillen e os leven atados á cauda dun mesmo cabalo, que sería un espectáculo arrepiante.

Vendo e ouvindo, tanta mourisma e tanto estrondo Don Quixote, pareceulle ser ben darlle axuda aos que fuxían, e erguéndose en pé, en outo torgo dixo: Non consentiréi que nos meus días e na miña presenza se lle faga engano a tan sonado cabaleiro e a tan afoutado namorado como don Gaiferos: Detévodos mal nado avol, non o sigades nen abouredes, se non, comigo sodes na loita; e dicindo e facendo desenbaiñou a espada, e dun brinco púxose a pé do retábulo, e con bulideza e endexa-mais visto asaño, encomenzou a chover coiteladas riba da titereira mourindade, derrubando uns, descabezando outros, estragando iste, estrozando aquilo, e antre outros moitos botoulle un outibaixo tal que si mestre Pedro se non abaixare, se encollere e engruñare, cerceáralle a testa tan doadamente como se for feita de masa de mazapán.

Daba voces mestre Pedro, dicindo: Detéñase vosa mercede, señor Don Quixote, e decátese de que istes que derruba, estroza e mata, non son verdadeiros mouros, senon uns monicreques de pasta: Olle ¡pecador de min! que destruí e derrama a miña facenda.

Mas, non por isto deixaba de amiudar Don Quixote coiteladas, mandobres, tallos e reveses como chovidos. En cabo, en menos de dous credos deu con todo o retábulo no chan, feitas cachizas e escagalladas todas as suas enxarcias e figuras; o rei Marsilio mal ferido, e o imprador Carlo Magno crebada a coroa e a testa en dúas partes. Algueireou o senado dos ouvintes, fuxía o macaco polos tellados da pousada, amedoñouse o curmán, espaventouse o paxe e ata o mesmo Sancho Panza tivo un arrepío grandismo; porque como ele mesmo xurou despois de pasada a turbada, endexa-mais tiña ollado o seu señor con tan desasusada carraxe.



Deseño de F. CORTES

Có bafo só que che atinxiu da andante cabaleiría...



THE UNIVERSITY OF CHICAGO

PHYSICS DEPARTMENT

Feito pois o xeral estrozo do retábulo, acougóu un pouco Don Quixote, e dixo: quixera eu ter eiquí diante neste íntre todos aqueles que non creen, nen queren creer de canto proveito son no mundo os cabaleiros andantes; ollen se me non achare eu eiquí presente, que houbera sido de don Gaiferos e mais da fermosa Melisendra; de certo que ista forexa a hora que os tiveren cañado istes cans, e lles tiveren feito algunha falcatruada. En resoluzón viva a andante cabaleiría por riba de todas cantas cousas hoxe viven na terra. Viva en boa hora, dixo entón mestre Pedro con voz esmaiolada, e morra eu, pois que tan desditoso podo dicir cō rei don Rodrigo:

*Onte fun o rei de España,
E hoxe non teño unha almea
Que poida dicir que é miña.*

—Non hai media hora, nen aínda un medián istante, que me vin señor de reis e de imperadores, cheas as miñas cabalerizas e as miñas uchas e sacos de infindos cabalos e de innumerábeles galas, e agora véxome esconsolado e amagastrado, probe e mendiño, e maormente sen o meu macaco que a fé que primeiro que o torne a meu poder, hanme suar os dentes, e toda pola carraxe mal considerada diste señor cabaleiro, de que dícese que ampara pupilos e endereita tortos e fai outras obras caridosas, e en min sómente veu fallar a sua tenzón xenerosa. Que sexan benditos e louvados os ceos acolá onde teñen mais ergueitos os seus asentadeiros. En fin, o cabaleiro da triste figura había ser quen habería desfigurar as miñas.

Amerceouse Sancho Panza coas razóns de mestre Pedro, e díxolle: Non chores, mestre Pedro, nen te laies, que me crebas o curazón, porque fágoche saber que é meu señor Don Quixote tan católico e xeni-queiro cristián, que se il se decata de que che fixo algún dano ou aldraxe, cho terá en conta e quererá pagar e satisfacere con moitas ventaxas.

—Con que me pagara o señor Don Quixote algunha parte das feitu-ras que me desfixo, ficaría contento e sua mercede, aseguraría a sua concencia, porque se non pode salvar quen ten o alleo contra a vontade do seu dono, e non o restitúe.

—Asina é, dixo Don Quixote; mas, deica agora eu non sei que teña nada voso, mestre Pedro.

—¿Cómo non? retrucóu mestre Pedro ¿e istas reliquias que están por iste duro e maniño chan, quen as espallóu e nicóu senon a forza invencíbele dise podente brazo? ¿E cuios eran os seus corpos, senon meus? ¿E con qué mantíñame eu, senon con eles?

—Agora veño de asmar, dixo neste intre Don Quixote, o que moitas vegadas teño maxinado; que estes encantadores que me abouran, non fan senon pôrme figuras como elas son diante dos ollos, e logo múdanse e trocan nas que eles queren. Real e verdadeiramente vos digo, señores que me ouvides, que a min pareceume todo o que eiquí ten pasado, que pasaba ao pé da letra. Que Melisendra era Melisendra, don Gaiferos, don Gaiferos; Marsilio, Marsilio e Carlo Magno, Carlo Magno por iso descompúxome a carraxe e por cumprire coa miña profesión de cabaleiro andante quixen dare axuda a favor dos que fuxían e con iste bon propósito fixen o que víchedes; se me saíu ao rivés, non é culpa miña, senon dos maos que me abouran; e con todo isto diste meu erro, inda que non promanou de madía, quero eu mesmo me condenare en costas: vexa mestre Pedro o que quer polas figuras desfeitas, que eu ofrézome a lle pagare logo en correia moeda castelá.

Incrinouse mestre Pedro decíndolle: Non agardaba eu menos da inaudita cristiandade do valeroso Don Quixote de la Mancha, verdadeiro acorredor e amparo de todos os necesitados e mesterosos e vagaxeiros, e eiquí o señor pousadeiro e o grande Sancho han ser medianeiros e aprezadores antre vosa mercede e min do que valen ou podían valer as xa desfeitas figuras.

O pousadeiro e Sancho dixeron que asína o facerían, e logo mestre Pedro erguéu do chan, coa testa de menos, o rei Marsilio de Zaragoza, e dixo: Ben se ve que imposíbele é voltar iste rei a seu primeiro ser, e así me parez, salvo millor xuicio, que se me den pola sua morte, fin e acabamento catro reás e medio.

—Adiante, dixo Don Quixote.

—Pois por ista fendida de enriba abaixo, proseguíu mestre Pedro tomando nas mans o partido imperador Carlo Magno, non sería moito que pedise eu cinco reás e un carto.

—Non é pouco, dixo Sancho.

—Nen moito, retrucóu o pousadeiro, médiase a partida e sinálese cinco reás.

—Désenlle todos os cinco e carto, dixo Don Quixote, que non está nun carto mais ou menos a monta dista notábele disgracia, e romata axiña mestre Pedro, que se fai hora de cear, e eu teño certos barruntos de fame.

—Por ista figura, dixo mestre Pedro, que está sen narís e un ollo de menos, que é da fermosa Melisendra, quero, e pónome no xusto, dous reás e doce maravedís.

—Inda ahí sería o demo, dixo Don Quixote, se non estiver xa Melisendra cō seu home polo menos na raía de Francia, porque o cabalo en que ían a min pareceume que mais voaba que corría e así non hai para que me vendere a min gato por lebre, apresentándome eiquí a Melisendra desnarigada, estando a outra, se ven a man, folgándose agora na Francia cō seu marido a perna estricada; axude Deus a cada un cō seu, mestre Pedro, e camiñemos todos con pé chan e sana intenzón, e prosiga.

Mestre Pedro que víu que Don Quixote esquerdeaba e voltaba á sua primeira teima, non quixo que se lle fuxira, e asina o dixo: Ista non debe sere Melisendra, senon algunha das doncelas que a servían, e así con sesenta maravedís que me dean por ela, ficarei contento e ben pagado. Desta maneira foi pondo prezos a outras moitas estrozadas figuras, que despois moderáronos os dous xueces árbitros con contentamento das partes que chegaron a corenta reás e tres cartos, e a mais disto, que decontado desembolsóu Sancho, pediu mestre Pedro dous reás polo traballo de pillar o macaco.

—Dallos, Sancho, dixo Don Quixote, non para tomar o macaco, senon a mona, e douscentos deira eu agora en albízaras a quen me dixer con certidume que a señora dona Melisendra e o señor don Gaiferos estaban xa na Francia e a carón dos seus.

—Ninguén nolo poderá dicir millor que o meu macaco, dixo mestre Pedro; mas, non haberá demo que agora o apille inda que maxino que o querer á fame haberá de o forzare a que me percure ista noite, e amañecerá Deus e verémonos.

En resoluzón, a treboada do retábulo romatouse, e todos cearon en paz e en boa compañía a custo de Don Quixote, que era liberal en cabo de todo. Denantes de alborexar foise o que levaba as lanzas e as albardas, e xa despois da amañecida viñéronse despedir de Don Quixote o curmán e mais o paxe; un pra se voltare á sua terra, e o outro a proseguire o seu camiño, para axuda do que Don Quixote deulle unha ducía de reás. Mestre Pedro non quixo voltare a entrar en dires e diretes con Don Quixote, a quen ele coñecía moi ben, e así foi que madrugóu mais do que o sol, e apañando as reliquias do seu retábulo e mais o seu macaco, foise tamén en percura das suas aventuras. O pousadeiro que non coñecía a Don Quixote, tan admirado tíñano as suas tolaxadas como a sua liberalidade. Por romate, Sancho pagoulle moi ben por mandado do seu señor, e despedíndose dele cáseque ás oito do día, deixaron a pousada e puxéronse en camiño, onde deixarémolos iren, que asina convén para darmos lugare a contar outras cousas pertencentes á decrarazón dista famosa historia.

Faint, illegible text, possibly bleed-through from the reverse side of the page. The text is arranged in several paragraphs, but the characters are too light and blurry to be transcribed accurately.



REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F13903

Biblioteca

DEPÓSITO LEGAL: C - 657 - 1975

IMPRESA MORET - MARQUÉS DE AMBOAGE, 16 - LA CORUÑA, 1975